



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

# CASA DO PELÉ

## A pegada das Américas



### Localización

Coordenadas 41.972427, -8.751008

**Tipo de ben:** vivenda

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Forcadela

**Lugar:** Vilar de Matos

**Cronoloxía:** 1928

**Construtor:** descoñecido

**Promotor:** José Suárez

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** habitada

**Estado de conservación:** bo

### Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta cuadrangular e tellado a dúas augas con pequenos engadidos laterais na parte traseira. Como pode verse na fachada principal, estrutúrase en dous andares máis faiado diferenciados por unha imposta destacada. Presenta tres vans en cada un deles. No baixo hai dúas portas e unha ventá no centro e no superior un balcón flanqueado por dúas ventás. Na fronte do faiado, no centro, dispónse unha ventá con arco de medio punto, baixo a cal destacan as iniciais do promotor (JS) e a data de construción (1928).

Conta con elementos moi comúns nos edificios indianos, así como o emprego de cores para pintar os paramentos murais. Neste caso, simúlase a utilización de perpiaños de pedra mediante un falso encintado en branco sobre un fondo azulado. Non se pode saber se estes eran os tons orixinais.

Nesta construción combínase o emprego da pedra e do cemento. Este último foi un elemento característico da arquitectura indiana, xa que permitía, sen altos custos, elaborar decoracións ou destacar elementos nobres, dándolle aos edificios un aspecto máis aparente.

### Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: FOR-01

**Tomiño**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA